

## Limiar

[á antoloxía *En tránsito. Poesía galega en Madrid, 2001*]

**Ana Acuña**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ACUÑA, ANA (2011 [2001]). “Limiar”. En Vicente Araguas e Manuel Pereira Valcárcel (coords.), *En tránsito. Poesía galega en Madrid*. O Castro, Sada: Edicións do Castro, 7-18. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/84>>

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ACUÑA, ANA (2001). “Limiar”. En Vicente Araguas e Manuel Pereira Valcárcel (coords.), *En tránsito. Poesía galega en Madrid*. O Castro, Sada: Edicións do Castro, 7-18.

\* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as. Cabe a posibilidade de que existan diferenzas —derivadas do proceso de edición orixinal— entre este texto en pdf e o publicado no seu día.

**LIMIAR**  
**[Á ANTOLOXÍA EN TRÁNSITO. POESÍA GALEGA EN MADRID, 2001]**

**Ana Acuña**

*A Manuel e á súa familia, memoria e adxectivos*  
*A tódolos que fixeron posible este tránsito, memoria e esperanza; sempre.*

“Son infindos os camiños polos que transcurre a poesía galega na emigración”, escribía X. L. García<sup>1</sup> na primeira antoloxía de poetas da Galicia exterior, porque os galegos, segundo F. Bouza<sup>2</sup>, “vagamos extramuros levando dentro esa música mortal que nos ata a la tierra y nos libra al tiempo, [...] la poesía deja constancia de esa lejanía y de esa cercanía, es una forma de estar cerca y lejos en el calumpio de los días que nos llevan y nos traen a la nostalgia”. Por iso o seu traballo literario es más que literatura: eso sólo se sabe aquí en los lugares en los que nace esa nostalgia y ese amor que acaba por proyectarse en todo.

### **O decorrer**

Se tódalas escrituras son aperturas sobre o mundo, dende esta antoloxía presentaranse novas paisaxes, paisaxes-metáfora, [8] paisaxes-fragmento... porque cada un de nós levamos dentro o noso propio horizonte, o da nosa paisaxe. O horizonte simboliza a esperanza, o futuro e mesmo as raíces da nosa terra<sup>3</sup>. Desá terra que perdura en recordos (pois os relembrados non perduran segundo Otero Pedrayo) dentro de nós formando a nostridade.

Dende Madrid, o poeta describe a súa paisaxe xa que “observar a paisaxe é observarnos a nós mesmos, e comprendela é, en certa maneira, entendernos a nós”. Cada paisaxe ten o seu tempo “que se pode identificar co debalar, de aí que o tempo da paisaxe poida ser tamén denominado decorrer”<sup>4</sup>. E nós anclamos as nosas pequenas eternidades nese espacio/paisaxe.

### **O tránsito**

No Madrid “que cheira a todos os desterros” (M. Rivas), moitos galegos levan séculos – como moi ben sinalou Borobó no epílogo– andando *en tránsito* perpetuo ou momentáneo,

<sup>1</sup> Xosé Lois García: *Alén do Azul (Unha ducia de poetas galegos en Cataluña)*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1999, p. 7.

<sup>2</sup> Prólogo do libro de V. Araguas: *Billarda, Huerga y Fierro*, 1999, p. 9.

<sup>3</sup> R. Otero Pedrayo: *Sereno e grave gozo. Ensaíos sobre a paisaxe*, Galaxia, 1999, p. 19.

<sup>4</sup> Otero Pedrayo, ob. cit. p. 15, p. 20.

facendo “patria alén das circunstancias que os rodeaban e alentaron moitas emocións na ausencia dese mar azul”<sup>5</sup>.

Así é que Madrid se converte nunha cidade de “momentos” non de “monumentos” como se pode comprobar nesta antoloxía, pois nela insírense autores que protagonizaron de xeito colectivo e/ou individual (remitimos á biografía que acompaña a cada antologado) os grandes momentos da cultura galega dende Madrid<sup>6</sup>. Vexámolo: [9]

### 1. Anos 50/60

Grupo “Brais Pinto”, formado por R. Patiño, X. Fernández Ferreiro, H. Barreiro, A. Cribeiro, B. Graña, R. Lorenzo, C. Arias, B. Álvarez, X. L. Méndez Ferrín,

a maioría estudantes universitarios, todos preocupados pola cultura e entregues a un galeguismo e un antifascismo profundo con diversos matices [...] Ferreiro vocacionalmente orientado á novela, H. Barreiro ao ensaio teórico, Graña ao poema, Cribeiro ao cine, R. Lorenzo á filoloxía, B. Álvarez amosaba vocación política activista de modo moi especial, mentres C. Arias sumiu un claro papel aglutinador e de relación con círculos galegos democráticos de persoas maiores. [...] Era un centro de reflexión política, filosófica, literaria e, naturalmente artística, de carácter radical democrático<sup>7</sup>.

Esta actividade desembocou na colección de poesía “Brais Pinto”, tan lembrada desde América (revista *Vieiros*) e desde a Galicia interior (xornal *La Noche*).

*En Tránsito* seleccionou a obra de R. Patiño e de X. A. Cribeiro, dous poetas con maior presenza na capital. [10]

### 2. Anos 70/80

Nestes anos cómpre falar de:

—Segunda época do grupo “Brais Pinto”, recordada por C. Arias<sup>8</sup> neste termos: “Estivemos xuntos ata o 60 e moitos porque segundo foron terminando chegou un momento en que aquí estabamos tres: Patiño, Cribeiro e eu. “A Gadaña” é a segunda versión de “Brais Pinto”, a segunda época. Foi nos anos 70. Hai varios libros publicados”.

—Nacemento da Librería/Galería Sargadelos como lugar de reunión e actividade<sup>9</sup> de moitos galegos en Madrid. En palabras de C. Arias: “E despois xa cando veu Inés<sup>10</sup> por aquí, xa todo [se realizou] a través de Sargadelos. Viñamos case tódolos días aquí”.

<sup>5</sup> Xosé Lois García, ob. cit. p. 8.

<sup>6</sup> Case todos eles xa participaran noutras antoloxías, é o caso de X. M<sup>o</sup> Díaz Castro (*Antoloxía de la poesía gallega contemporánea*, Júcar, 1984; *50 anos de poesía galega*, Ponta, 1994; *Poesía de posguerra. Antoloxía*, ASPG/ANT, 1997; *Quimera* n<sup>o</sup> 158-159, 1997; *Río de son e vento*, Xerais, 1999), Celso Emilio Ferreiro (*Antoloxía da poesía gallega actual*, Castro, 1978; *Antoloxía de la poesía gallega contemporánea*, Júcar, 1984; *50 anos de poesía galega*, Ponta, 1994; *Quimera* n<sup>o</sup> 158-159, 1997; *Río de son e vento*, Xerais, 1999) V. Araguas (*Escolma de poesía gallega 1976-1984*, Sotelo Blanco, 1984; *Poesía Gallega de Hoy-Antología*, Visor, 1990; *Fin de un milenio. Antología de la poesía gallega última*, Libertarias/Prodhuflí, 1991; *A poesía contemporánea a partir de 1975*, ASPG/ANT, 1997; *O Correo galego*, 13-1-2000), F. Bouza (*Poesía Gallega de Hoy-Antología*, Visor, 1990; *Factor cinco* n<sup>o</sup> 8, 1983; *Quimera*, n<sup>o</sup> 158-159, 1997; *O Correo Galego*, 13-1-2000), A. Domínguez Rey (*Donaire*, 1999), X. Frías (*Milenio. Poesía ultimísima*, Celeste/Sial, 1999; *O Correo Galego*, 13-1-2000), amais C. Pato, M. Pereira, X. M. Outeiro, V. Veiguela, apareceron todos eles no especial “Bilbao” de *O Correo Galego*, 13-1-2000.

<sup>7</sup> *Reimundo Patiño. Ciclo monográfico de conferencias*, Xunta de Galicia, 1996, p. 55-56. Tamén se pode consultar: X. L. Méndez Ferrín: *O fin dun canto*, Xerais, 1995; X. M. Salgado/Xoan M. Casado: *X. L. Méndez Ferrín*, Sotelo Blanco, 1989 ou os artigos de C. Velo e H. Barreiro na revista *Dorna* 9, 1985.

<sup>8</sup> Comunicación persoal realizada en maio de 2000.

—Asociación “Irmandade Galega” á que pertencía, entre outros, Celso Emilio Ferreiro. Un dos seus membros recorda así aquel tempo:

o máis bonito que pasou neste tempo de tomarlle o pulso a Madrid foi coñecer a Celso Emilio Ferreiro. Iso foi no outono do 74 [...] Nesta primeira conversa en cas de Celso e noutras sucesivas (no Paseo de las Delicias, en Juan Bravo, na Irmandade Galega, no Ateneo, en Sargadelos, no Colexio Maior San Juan Evangelista) moitos foron os temas que apareceron. [...] Por entón un fato de xente, entre os que quero salienta a Delfín Mariño e Lis García Ferreiro, fundáramos a Irmandade Galega de Madrid. Celso era o segredario e Ben-Cho-Shey (sempre acompañado polo fiel Mosquera) o presidente<sup>11</sup>. [11]

—Asociación “Lóstrego”, cunha inclinación maior cara á política e que se unirá a “Irmandade Galega” creando nos anos 80 a *Revista Irmandade Galega/Lóstrego*<sup>12</sup>.

—Revista *Loia*<sup>13</sup> que foi, segundo M. Rivas<sup>14</sup>,

unha revista galega minoritaria, artesanal e fotocopiada que uns estudantes galegos tiraron en Madrid os anos 1975 ó 1979. Saíron catro números. O seu esforzo, como o da colección de poesía “Brais Pinto”, o seu inmediato antecedente, non se perdeu. Entre os entón mozos que facían LOIA estaba Lois Pereiro,

ademais do seu irmán, R. Patiño, V. Araguas, F. Bouza e outros. De novo os estudantes e os traballadores unidos nunha proposta que moitos teñen comparado á do grupo vigués “Rompente”.

### 3. Anos 90

—Da man de S. Torres, como continuación da mítica “Benito Soto”, xorde a colección de poesía “Hipocampo Amigo” que edita, entre outros, versos do propio S. Torres e de Borobó.

—En 1996 fúndase o “Grupo Poético Bilbao”,

nin se quera escola ou tendencia, sinxelamente poetas que van por libre, e entre os que hai trinta ou trinta e cinco anos de diferenza, o máis vello, Fermín Bouza, é o 46, a máis nova V. Veiguela rolda os vinte anos. Os de Bilbao fixeron, fixemos algún caderno colectivo [...] dentro da colección ou liña poética, digamos, O Roibén<sup>15</sup>.

Ademais de F. Bouza e V. Veiguela, pertencen ó “Grupo Poético Bilbao” os poetas antologados M. Pereira, C. Pato, X. Frías e Xosé Manuel Outeiro.

—Revista *Loia 2ªxeira*, que voa de novo en 1999 impulsada por F. Bouza e coa colaboración do “Grupo Bilbao” e con

<sup>10</sup> Refírese a Inés Canosa. Sobre “Sargadelos” pode verse o artigo de M. Pereira en *Madrygal*, nº 3, 2000.

<sup>11</sup> V. Araguas: *Voz e voto. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X aniversario do seu pasamento*, Patronato Curros Enríquez, 1991, p. 18-20.

<sup>12</sup> Da que puidemos consultar varios exemplares gracias a C. Veiguela.

<sup>13</sup> Gracias á xenerosidade de V. Araguas contamos con dous números.

<sup>14</sup> Prólogo a L. Pereiro: *Poemas para unha Loia*, Espiral Maior, 1997, p. 9.

<sup>15</sup> V. Araguas: “Bilbao”, *O Correo Galego*, Revista das Letras, 29b, 13-1-2000, p. 3.

aque-[12]la enerxía transformadora da xeración dos 60/70 (de Manolo e compañía), o rock, o heavy [onde] todo era facer cousas. Gustárame transmitir ese espírito un pouco moderno e rebelde provocando algunha cousa, comparando e intentando facer non só no terreo do deseño (ese é un síntoma), tamén no terreo da poesía. Facer algo máis ambicioso<sup>16</sup>.

—*acef* (asociación Celso Emilio Ferreiro) creada no ano 2000 para acolle-las novas publicacións da colección “O Roibén” e dos novos gomos do “Grupo Bilbao” (denominados cariñosamente por J. M. Ribera na súa presentación oficial<sup>17</sup> como “Xeración da Sétima”).

Esta esquematización é soamente cronolóxica porque moitas das persoas pertencentes a un grupo integráranse no seguinte cando o inicial perda forza ou membros (caso dos estudantes). Será continua a fusión ou transfusión<sup>18</sup> de grupos e persoas. Por exemplo, R. Patiño participou en “Brais Pinto”, “Irmandade Galega” e *Loia* ou F. Bouza e V. Araguas que colaboraron en “Irmandade” e no proxecto *Loia*, pero pertencen a “Bilbao” e traballan en *Loia 2ª xeira*. Son, xa que logo, movementos e proxectos que se relacionan e entrecruzan, como a vida das persoas, harmonicamente.

Asemade, ó longo dos anos, moitos “madrigalegos”<sup>19</sup> percorreron “camiños senlleiros”<sup>20</sup> nos que encadramos a X. M<sup>a</sup> Díaz Castro, C. A. Molina, A. Domínguez Rey, A. Armada ou M. Dono. [13]

## A alteridade

Os movementos analizados máis arriba encádranse noutra cronoloxía, a da Galicia interior. Así, na presente antoloxía temos representantes das xeracións seguintes:

### 1. Xeración do 36

Como figuras importantes Celso Emilio Ferreiro e X. M<sup>a</sup> Díaz Castro. Do primeiro recóllense poemas do “mundo social da nosa terra: nos problemas vivos do noso tempo; nas angurias das nosas xentes”<sup>21</sup> ó carón de “aspeitos que non sempre sealcontran nos seus poemas máis antoloxizados”<sup>22</sup>. Como exemplo remitimos ó poema “Testimúño”.

X. M<sup>a</sup> Díaz Castro é “un dos poetas máis revalorizados pola crítica actual, que estima nel a súa capacidade para abordar a problemática existencial do individuo sen ignorar a súa dimensión colectiva, e que louva o seu dominio técnico e a súa austera gravidade expresiva”<sup>23</sup>. Pode lerse, neste sentido, o poema “Moi lonxe”.

Incluimos, asemade, nesta xeración a obra de S. Torres<sup>24</sup> que nos achega ó mar de Pontevedra como metáfora da súa propia introspección poética (véxase “Singradura”) da man de poemas ó xeito medieval ou popular (“Namorar”, “Si quixeras”).

<sup>16</sup> Palabras entresacadas dunha entrevista persoal realizada en decembro de 1999.

<sup>17</sup> Presentación celebrada co gallo das Letras Galegas o 17 de maio de 2000 na librería/galería Sargadelos.

<sup>18</sup> Termo empregado por Xaime Varela no *VI Congreso Internacional de Estudos Galegos* para falar do estado das asociacións de galegos en París.

<sup>19</sup> Termo creado por Borobó.

<sup>20</sup> Denominación que retomamos de M<sup>a</sup> X. Nogueira.

<sup>21</sup> “Autopoética” en Celso Emilio Ferreiro: *Obra Completa*, vol. 1, Akal, 1978, p. 21.

<sup>22</sup> *Antoloxía da poesía galega actual*, 1978, p. 5-6.

<sup>23</sup> D. Vilavedra: *Historia da literatura galega*, Galaxia, 1999, p. 226.

<sup>24</sup> Tamén se podería incluír na xeración seguinte, a do seu querido M. Cuña Novás.

## 2. Xeración dos 50 ou dos “Brais Pinto” con X. A. Criebeiro e R. Patiño como expoñentes

Segundo X. L. Méndez Ferrín,

X. A. Criebeiro formaría [14] parte de aqueles mansos de corazón que escollemos o modelo do de Celanova [Celso Emilio Ferreiro] e puxémonos a imitar nel pero Xosé Alexandre fixo e publicou poesía política independentemente de Celso Emilio, sen influencias del. Daquela hase de ollar a figura literaria de Xosé Alexandre como incluso no grupo “Brais Pinto”. Non no pasado, senón agora mesmo, xa que o espírito do movemento sigue vixente [...] concepción do oficio de poeta como servidor da radical vivencia interna e transmisor, en verbas difíciles e escuras, daquela verdade, inefábel necesariamente, que aniña nos escuros do eu<sup>25</sup>.

Como exemplo léase “Roxo Vietnam Roxo”.

Outro dos membros de “Brais Pinto” foi R. Patiño. Toda a súa personalidade se atopa, segundo X. Seoane, no seu libro *Bandeiras neboentas*: “o desacougo existencial, o remuíño de morte, a viaxe ao traveso do tempo e do espacio, a transustanciación no ideal panteísta da integración coa natureza”<sup>26</sup>. Por exemplo “E serei vagamundo errante...”

## 3. Xeración dos 80, cos subgrupos postulados por V. Araguas<sup>27</sup> de 1968 e 1975

Ó primeiro pertencerían o propio V. Araguas e F. Bouza, mentres que no segundo se incluíría a obra de M. Pereira. Ó carón destes escritores, membros todos eles do “Grupo Bilbao”, habería que debuxa-los camiños senlleiros de A. Domínguez Rey, C. A. Molina e A. Armada.

V. Araguas é un dos iniciadores da renovación poética dos 80<sup>28</sup> (do mesmo xeito que A. López-Casanova ou X. L. Méndez Ferrín) co libro *Paisaxe de Glasgow*. Os seus poemas están cheos de horizontes, de paisaxes exteriores e interiores, de épica cotiá convertida en lírica sen tempo, capaz de nos emocionar en cada lectura (“Adolescente morto”). [15]

F. Bouza, pola súa banda, preséntanos paisaxes de inverno como metáforas da infancia “da soidade do mundo da aldea”. O inverno é “a mesma memoria despregada no tempo. Porque tamén hai unha memoria do futuro. O que se atreva a exercela xa está no labirinto”<sup>29</sup>. Exemplo desta memoria do futuro é o poema adicado a Compostela.

M. Pereira, membro da xeración seguinte, escribe “fragmentos de memoria tatuados de adxectivos”<sup>30</sup>, memorias do amor, da morte e unha “constante reflexión sobre o paso do tempo” (poema “Camiños e ti”) ó carón do preciso xogo literario da cantiga.

Os camiños senlleiros percorridos por A. Domínguez Rey, C. A. Molina ou A. Armada, lévannos ata paisaxes diferentes (América) para rematar en Galicia, quizais porque “os signos da verdadeira cultura van sempre asociados ó redescubrimento da Terra”<sup>31</sup>.

A. Domínguez Rey pertence, coma Cunqueiro, a

<sup>25</sup> X. A. Criebeiro: *Indo pra mais perto*, Akal, 1979, p. 12-13.

<sup>26</sup> R. Patiño: *Bandeiras neboentas*, Espiral Maior, 1992, p. 11-12.

<sup>27</sup> V. Araguas: “¿Poetas dos 80?” en *O Correo Galego*, 3-1-1997, pp. 19-24.

<sup>28</sup> Así o consideran M<sup>a</sup> X. Nogueira, M. Villar ou A. Domínguez Rey.

<sup>29</sup> Entrevista persoal realizada en decembro de 1999.

<sup>30</sup> Entrevista persoal feita en decembro de 1999.

<sup>31</sup> M. Rivas: *Toxos e flores*, Xerais, 1992, p. 197.

esa estirpe de escritores para os que o santuario da Palabra era a súa casa e a súa respiración. Engaiolado habitante desa Casa –a do Ser–, dese pazo sagro viviu das palabras, coas palabras e para as palabras, e máis dunha vez tratou de explica-lo que estas teñen de máxico e de revelador, e tamén o que elas teñen de fundante<sup>32</sup>.

Dese xeito é como sente a chamada de “moi lonxe/para seguir facendo/o mundo coas palabras”. Mostra é o poema “Semente”, homenaxe a E. Lévinas.

A. Armada trata, pola súa parte, unha serie de elementos temáticos de maneira recorrente como o tema da infancia (que se relaciona con Vigo e coa avoa), a memoria, o amor ou as [16] reflexións sobre o tempo e a morte (“Deixemos soar o bombardino”).

O recordo e o horizonte galego tamén están presentes en C. A. Molina. A súa poesía é un intento de “descifrar el mensaje, erosionado por el tiempo, experiencia totalizadora del presente y del pasado” tratando de captar en cada visión “el latido de un tiempo [...] objetos y fragmentos [...] para la comprensión del *hic et nunc*”<sup>33</sup>. Como exemplo o poema “A Coruña”.

#### 4. Xeración de “entremedias” e xeración dos 90

Neste apartado tamén se analizará a poesía de membros do “Grupo Bilbao” (C. Pato, X. Frías, X. M. Outeiro e V. Veiguela) e do “camiño senlleiro” aberto por M. Dono.

C. Pato, que vive a creación poética como unha

alternativa do ser subxectivo fronte ao exterior, como un acto de liberdade coa carga que esta palabra ten [...] dentro dun depauperado sistema de relacións: emocionais, sociais, políticas..., amósanos unha obra que se vai alimentando de canto un é, é dicir de canto un SINTE, de canto un escoita, ve, analiza, le, reflexiona... Así toda experiencia VITAL é fundamental cara ó carácter, cara ó estilo que co paso do tempo e após dun durísimo e LENTO traballo; apousa, solidifica como libro. E todo a través dunha continua análise da realidade, do que un é-somos, mais tamén do que somos en conxunto. E como forza para esa análise a continua reflexión. Atacar a paz do cotián<sup>34</sup>.

Exemplo é o poema “dorme o cerebro...”.

X. Frías, impulsor do “Grupo Bilbao”, concibe a escrita como unha “autoterapia” que parte “dunha situación emocionalmente rara, de señardade, raiba ou impotencia”<sup>35</sup>. Na antoloxía [17] preséntanos poemas de sentimentos extremos como o amor e a impotencia (“Consellos”).

J. M. Outeiro achega un conxunto de poemas eróticos escritos “para mim e por umha razom de “economía interna”. Com essa expressom refiro-me a umha necessidade interna de expresar determinados sentimentos excessivamente marcantes, un sentimento ou un pensamento que inmediatamente quererías compartir com alguém”<sup>36</sup>. Como mostra: “E sobes...”.

As voces femininas dos anos 90 están representadas por V. Veiguela e M. Dono. Mulleres que –como P. Pallarés– escriben “para lembrar quen fun antes e antes de antes; para acadar

<sup>32</sup> X. Alonso Montero: “A concepción da palabra en Álvaro Cunqueiro” en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1982, p. 74.

<sup>33</sup> Prólogo de A. Crespo á antoloxía de C. A. Molina: *Las ruínas del mundo*, 1991, pp. 19-20.

<sup>34</sup> Entrevista persoal realizada en outubro e novembro de 1999.

<sup>35</sup> Entrevista persoal de decembro de 1999.

<sup>36</sup> Entrevista persoal de marzo de 2000.

–apañando fragmentos– algo semellante a unha identidade; para me achar a min, tan descoñecida. [...] Mais é tamén a vía para eu entender o Outro e que me entenda. [...] Escrevo para coñecer.

V. Veiguela, galega da raia asturiana como se pode apreciar nalgúns poemas, segundo M. Pereira realiza unha obra poética complexa de “camiños, cidades [...] amantes, recordos co obxectivo de atopar algo novo”<sup>37</sup>. Véxase o poema “O meu nome”.

M. Dono amósanos nos seus poemas un mar interior feito de palabras, un mar que leva “os ollos da nenez” (R. Fonte) porque somos e “fomos escuma/na implacábel singradura / de regresar partindo” (R. Villar). Xa en *Manta de sombra* se abordaba a infacia “para justificar lo que pretendemos en el presente. Un amor loco por la palabra”<sup>38</sup>.

Con este longo encadre emic-etic, no que destacar é sempre desfocalizar e ocultar, pechamos a viaxe polos autores e os seus símbolos de creación persoais nunha determinada localización espacio-temporal (topemas e cronemas). Só nos resta animar ó lector a que lea e volva ler a cada un destes dezaseis poetas que veñen **[18]**

carrexando o peso do mundo ó lombo polas rúas de Madrid, cazados coma coellos nos corredores da gran urbe, sós, espallados, xuntos nos cafés de inverno, mozos e mozas, vellos e vellas, galegos e galego-raianos, poetas da Veiga e do Navia, mirando todos á Lingua e á Fala, á Terra da Verba primixenia, diversos e únicos, medio tolos medio mortos medio vivos medio poetas medio todo: mancados de alma en terra de ninguén, agardamos por vós coma quen mira un facho aceso nas noites do mar maior. Aaaavante<sup>39</sup>

porque en cada poema-paisaxe coa seguridade de que atopará algo novo:

Vi terras da minha terra/por outras terras andei  
mas o que ficou marcado/no meu olhar fatigado  
foram terras que inventei. (M. Bandeira)

<sup>37</sup> Prólogo de M. Pereira ó libro *Simbiose*, acef, 2000.

<sup>38</sup> *Manta de sombra*, Libertarias/Prodhufi, 1996, p. 14.

<sup>39</sup> *Loia 2ª xeira*, 1999, p. 2.